

## A poesía no sifate de 2005 e o limiar do estético

**Helena González Fernández**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2005]). “A poesía no sifate de 2005 e o limiar do estético”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos: 2005*, 174-180. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1075>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2005). “A poesía no sifate de 2005 e o limiar do estético”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos: 2005*, 174-180.

\* Edición dispoñíbel desde o 29 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A poesía no sífate de 2005 e o limiar do estético

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Explicaba Arnold Hauser na súa *Socioloxía da arte* que existe un limiar do estético, un mínimo formal, que cómpre atinxir para entrar no terreo da arte. O limiar do estético, porén, non garante que esa obra —xa— artística pertenza ao ámbito do sublime, concepto cambiante, repetido de máis cando se fala de poesía, e que non adoito empregar, moito menos neste tipo de panorámicas da produción poética anual nas cales se lles presta máis atención ás tendencias e aos novos nomes ca á canonización. Mais na ollada panorámica, aínda sen entrar polo miúdo no publicado en 2005, resulta inevitable preguntarse onde queda ese limiar estético. O balance é desalentador; aínda que haxa propostas de interese, unha presada de libros correctos e de autores que alcanzan firmes nas súas traxectorias persoais, o certo é que a poesía perdeu todo protagonismo na actualidade literaria. As editoras turrán por manter abertas as coleccións cun esforzo que, se cadra, non paga a pena para acabar publicando tantos títulos inocuos. Evidénciase, ademais, unha sorprendente ausencia de escritores novos que dean o relevo con ambición poética e vontade de abrir fenda estética. E sorprende non porque non os haxa, que os hai —véxase a panorámica do ano 2004—, senón porque non forman lección e, desde logo, xa non ocupan unha posición central na actualidade literaria. E nun espazo coma o galego, no que os poetas case tiveron que disculparse por selo —tanta era a abundancia—, esta carencia moito máis que sorprendente é sintomática, sintomática de que os retos creativos das novas fornadas non se sitúan na poesía (ou polo menos non nos soportes tradicionais) senón noutros ámbitos. Sen esquecer que a panorámica anual é por definición conxuntural, e daquela parcial, non é moi difícil detectar unha importante apatía entre creadores e, sobre todo, entre lectores seareiros.

### Coleccións e certames

Curiosamente, este ano unha das coleccións que semella tanguer mellor a innovación poética á marxe de xeracións e de estéticas foi unha iniciativa local, a colección 'Poeta en Compostela', que publica o concello desa cidade e mais a Editorial Compostela. Aínda que se trata dunha colección popular e institucional, ten maior índice de acertos que moitas convencionais. En tempos de seca creativa, da comparación entre coleccións dedúcense varios interro-



gantes sobre a vitalidade e o risco da creación actual, o papel dos editores, os soportes, as iniciativas para o fomento da creatividade e a concepción da poesía no marco xeral da literatura, en aberta competencia/encontro co escénico e co audiovisual (este mesmo ano 2005 o Consello da Cultura Galega pon en marcha un proxecto, Translitera, de pescuda creativa nas novas linguaxes, que pagaba a pena continuar). Agora ben, para facerlles xustiza ás devanditas coleccións convencionais cómpre lembrar que moitas delas publican os textos gañadores dos certames literarios, que en principio son —eran?— a porta de entrada para textos e autores de fóra de circuíto, e polo tanto deberían ser termómetros privilexiados para a creación actual. E se aínda cumpren esa función, o panorama non é moi esperanzador. Volvamos a ese reduto de resistencia que son as coleccións. Con plans editoriais tan dependentes dos resultados dos premios, queda moi limitado o papel do editor como lector privilexiado que media entre creadores e lectores. E os moitos premios que poboan a xeografía do país ofrecen unha boa saúde “aparente”, porque non quedan desertos.

Repasemos as coleccións. ‘Dombate’, de Galaxia, vén demostrando nos últimos anos unha aposta decidida por converterse en colección de confianza para lectores que procuran tanguer a actualidade literaria de calidade e que perseguen autores recoñecidos de diversas xeracións. A isto pódese retrucar que, co cativísimo número de títulos inéditos que publica ao ano a colección, non tiña outra alternativa, mais debe terse en conta ao seu favor que aposta por converterse en referente de calidade con escritores de traxectoria recoñecida (e poéticas diverxentes) e, pola contra, non cae na tentación de converterse nunha colección de segunda división dentro da editorial que sirva para fidelizar aqueles escritores propios que, ademais doutros xéneros, tamén escriben poesía. Pola súa banda, ‘Poesía’, de Xerais, a segunda en número de títulos publicados ao ano, semella manter un equilibrio entre os autores do catálogo da editorial e outros autores noveis. Nos anos que leva en marcha a súa traxectoria é moi irregular, pero tamén acadou algúns acertos interesantes. Débense citar tamén dúas coleccións de traxectoria breve pero consolidadas, ‘Tambo’, unha colección de liña estética e feita para coidada, e mais ‘Libros da Frouma’, unha colección prolífica pero especialmente irregular no tocante á poesía inédita. Nestas dúas coleccións déi-

xanse espazos para novas voces pero teñen atrancos na distribución, polo que non lles resultan doadas para o lector habitual, que xa ten que facer esforzos para atopar o andel de poesía. Sen dúbida, Espiral Maior, unha sorte de colección xeralista de poesía, é a que posúe o maior fondo de poesía galega, a que máis títulos publica e, por iso, o mellor espello da produción literaria actual. Desde os seus comezos, Espiral Maior aspirou a posuír o maior fondo de poesía galega, e na actualidade publica máis da metade dos premios poéticos que non teñen colección de seu (o Esquíu, o Caixanova, o Lorenzo Baleirón, o González Garcés e case ningún máis). Mais como non estamos en “bos tempos para a lírica”, esoutros premios non foron especialmente vizosos e moitos atinxen con dificultades o limiar do estético ao que facía referencia Hauser, a colección resentiuse.

O problema radica en que hai demasiada desproporción entre o número de certames e os cativos resultados. Son demasiados os títulos premiados que acaban publicándose en coleccións convencionais, cando como moito deberían aparecer en coleccións para noveis, co que iso significa en custo económico pero tamén nas expectativas de lectura. Se nunha literatura na que non é tan difícil a publicación os resultados xerais son tan desalentadores, non é un bo momento para pararse a pensar e procurar fórmulas máis estimulantes para sacar á luz poéticas arriscadas e innovadoras? Non era ben retomar a fórmula das coleccións *minor* a menor prezo, en troques de tantos premios que se publican en colección canónica? Non será mellor que esas subvencións locais se destinasen a outros soportes que alenten a experimentación, desde revistas convencionais en papel ata libros e revistas-obxecto, portais virtuais, etc.? Non haberá que potenciar a poesía como comunicación inmediate —performance, recitais, encontros...— fronte á poesía só como monumento impreso? Non deberiamos pensar as coleccións de referencia como algo máis ca libros —á vista do termómetro dos premios— e pensar fórmulas que convertan a trincheira editorial en factoría cultural?

### Elas: variacións sobre o corpo, cidades habitadas e a procura da luz

Aínda que son consciente de que a liña divisoria este ano entre elas e eles non é moi operativa, segue sendo certo, como apuntaba o ano pasado, que hai

algunhas diferenzas xerais no seu repertorio que non deben ser lidas como categorías que imprimen xerarquía senón como maneiras diversas de escribir por riba de tanto discurso poético previo.

Non foi un ano especialmente relevante na poesía escrita por mulleres, que perdeu parte do seu protagonismo en relevo da produción, en proporción de títulos publicados e en premios acadados, pero si que permitiu coñecer os primeiros libros de poetas noveis e novos libros daqueloutras de traxectoria definida. Na serie 'Poeta en Compostela', que ocupa en moitos sentidos o centro da actualidade deste ano, cómpre salientar algúns inéditos. *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música*, de Ana Romaní, é un poemario, pero tamén o guión dunha acción poética na que a música subliña o paradoxo do amor encadeado pola violencia contras as mulleres. Ana Romaní dálle voz profundísima a unha delas, situada nunha experiencia extrema do amor e da dependencia que a degrada ata reducila a fráxil corpo de vidro. Un libro tremendo polo que se conta, e delicado por como se conta, que nos leva ao interior desa experiencia da que coñecemos tanto os berros e tan pouco a voz. Resulta moi suxestivo entrar no libro sumando á voz de Elvis Presley o retallo cinematográfico que propón no seu limiar Anxo Quintela, que tanto sabe do asino estrábico.

Na mesma colección, María do Cebreiro retoma un proxecto poético que empezou titulándose *Atlas* e acabou por chamarse *O barrio das chinesas*, e o troco do título subliña un cambio de enfoque significativo. Recóllense aquí poemas como cartas para os amigos, nos que a emoción e as estampas das cidades habitadas gañan todo o protagonismo. O conxunto, sen quererlo, suxire factura de diario poético urbano, porque os poemas se abren en rede a apuntamentos necesarios do vivido, explicados como experiencia ou como definicións do abstracto. A poeta e a teórica que habita en María do Cebreiro manteñen aquí un pulso frutífero. Reaparece tamén María Lado, que publica un poemario sobre unha cidade imaxinada que ela chama *Berlín*, pero que revela recantos e lugares dunha Compostela reinventada que se converten en corpo urbano para o encontro amoroso.

Elvira Riveiro Tobío é unha das poetas novas que maior atención espertou neste ano, aínda que comezou a súa andaina poética nese campo de xogos tan interesante que é internet como autora de

poesía concreta (*Inventario indócil* publicábase no suplemento de fin de semana do boletín virtual *Culturagalega.org*). Pois ben, neste ano publica dúas coleccións de poemas, *Arxilosa* (Litoral das Rías) e *Andar ao leu* (colección 'Tambo'). Se no primeiro ofrece un achegamento ao erotismo como experiencia creativa, táctil e material, no segundo ofrece un inventario poético sobre o amor, a historia das mulleres e a rebelión/resistencia entendida nun sentido amplo. Pero o que máis interesa na súa obra non é tanto a temática como unha decidida vontade de apropiarse da forma (transita con total comodidade do soneto ao verso libre), unha poética desafiante e directa.

Pola súa banda, Lucía Aldao en *Unha ducia (máis un)* (Labirinto de Paixóns) ponlle o texto ás fotografías que Luís Muñoz fixo en Grecia e Turquía. Non se trata dun diario de viaxe, pois non se claudica á procura do exotismo nin á viaxe interior do viaxeiro, senón de microrrelatos poéticos feitos a partir dunha mirada fotográfica interesada pola soidade, a ruína, a comunicación co outro e as dificultades para a comunicación; un proveitoso diálogo de linguaxes que vai da fotografía á poesía e que anula a distancia que marca o obxectivo da cámara, porque esas imaxes que nunha mirada convencional leríamos en clave de reportaxe, Lucía Aldao interprétaas en primeira persoa, preferindo fabricar a emoción a claudicar na descrición.

Olalla Cociña, que acadou o Avelina Valladares con *As cervicais da memoria* (Fervenza), establece unha proposta singular sobre o encontro erótico dos corpos e a "transparencia fragmentada" desa unión, como acerta a definir X. M.<sup>a</sup> Álvarez Cásca- mo no limiar.

Sabela Rodríguez Oxea, en *Versos do silencio roto* (edición da autora), ofrece unha colección de instantes enrestrados cun paratexto lírico a xeito de explicación ou contexto nas páxinas pares e o poema nas impares.

Toxosoutos mantén a súa colección de poesía 'Letra Inversa', onde, entre outros, publica María Reigosa o seu *Poemario inquedaante*, unha especie de *jam session* poética sobre a vida.

Pola súa banda, Rosa Méndez reaparece co seu segundo poemario, *O raio verde* (Espiral Maior), un título no que ecoa a descrición que fixo Jules Verne do fenómeno meteorolóxico como experiencia única e imposible de fixar polas artes. Partindo desa sensación de unicidade, Rosa Méndez converte a

chaira do mar no soporte sinfónico para o itinerario do amor e da paixón. O libro leva limiar de Eva Veiga, que tamén reaparece como poeta, cun libro intenso titulado *A luz e as súas cicatrices* (colección 'Esquíó'), no que debulla a súa concepción da poesía como coñecemento, como espazo da certeza no que materializar o abstracto e onde construír a realidade, pero tamén a procura do eu. O libro de Eva leva limiar de Luz Pozo, que comparte con Eva Veiga o feito de converter a luz en motivo axial da súa propia poética. Por certo, que da académica se publica este ano en edición exenta *As arpas de Iwerddon* (Linteo), que xa se incluía como libro inédito na súa *Obra completa*, en 2004.

Finalmente, a infatigable Lupe Gómez reaparece con tres libros: *O útero dos cabalos* (Espiral Maior), premio Johán Carballeira, que leva limiar de Xohana Torres, *Azul e estranxeira* (Edicións do Castro), premio Lorenzo Baleirón, e a reedición de *Pornografía* (colección 'Poeta en Compostela'). Logo da paréntese creativa que supón o seu libro anterior, *A vida* (2004), nos libros deste ano abunda na poética teimosamente centrada no eu como ser e corporeidade desconforme coa norma, e na sucesión de poemas coma escenas superpostas dun cadro naïf. Dos dous, *Azul e estranxeira* é o que ofrece o mellor dunha poética fóra de toda norma, que ofrece, porén, suxestivas e lúcidas definicións da realidade sen deixar de pisar o territorio do autobiográfico, recuperando aquela lucidez que sorprendera no seu primeiro libro, *Pornografía*.

### Eles: formalismo, poesía política, decadentismo e paisaxe

Méndez Ferrín publica dous libros. En *Era da Selva de Esm* (Espiral Maior) recupera textos de difícil acceso para lectores de hoxe, algúns tan citados pero difíciles de ler como *Voce na néboa*, ao que ameceu dos poemas máis da colección orixinaria, ou poemas publicados en carpetas de artista, como *Homes e illas* e *Erótica*. Resulta máis ca recomendable ler o limiar do propio Ferrín para coñecer por voz propia a crónica da súa andaina como poeta durante o franquismo e o emprego de heterónimos nos seus primeiros tempos. Pero o libro que marca o 'regreso á poesía' de Ferrín é *Contra Maquieiro* (Xerais), que acadou de Losada Diéguez. Recolle catro coleccións de poemas que van da memoria persoal á "crónica da derrota das nacións"; poesía

rotundamente política, ategada de claves simbólicas, por veces hermética, que non defrauda a quen sexa lector de vello do autor. *Contra Maquieiro* é un libro cheo de intencións, escrito por un poeta de longo percorrido que aborda a poesía desde a certeza do peso da historia. Interesa singularmente a súa pescuda formal, sustentada nun ritmo marcado.

O premiado Román Raña publica este ano por partida dobre. *As metamorfoses do túnel* (PEN Clube/Danú), premio Caixanova, que logo acadou ademais o Premio da Crítica Española, é un poemario de vocación optimista e metapoético que abre múltiples camiños á tradición literaria. Cultiva un culturalismo maino, nada ruidoso nin ostentoso, que cadra coa procura da indagación poética nunha linguaxe que flúe coa naturalidade do diálogo. Este mesmo ano publica tamén *Zen invernos* (colección 'Tambo'), libro co que regresa aos sonetos de factura coidada, recuperando esta forma clásica en momentos nos que as formas métricas se cultivan tan pouco que parecen desterradas da poesía actual, un abandono que cumprirá estudar nalgún momento. Raña recupera o cultivo da poesía como arte, como técnica logo, como artificio da forma, como confirma unha das partes do libro que se enrestra nun "longo acróstico" cos catorce versos finais de todos os poemas da serie. Por certo, nunha liña semellante pero no verso libre, pode situarse tamén o gañador do premio Esquíó, *Ollos de ámbar*, de Martín Veiga (colección 'Esquíó'). Nel abunda nunha poética de factura rítmica e ton invernizo, a cabalo do Mediterráneo e das terras do norte no que volve sobre temas clásicos: a procura da infancia, reivindicación da beleza e da emoción, porque ao seu ver o sentido da escrita é "organizar as emocións".

Manuel Outeiriño reaparece con *É* (Galaxia), un libro que segue a liña que caracteriza ao Outeiriño de *Depósito de espantos*, aquel que non abandona a retranscrición, que repousa os seus textos na lectura demorada e aguda da poesía, e deixa "falar outros libros" nos seus versos. Resultan divertidos e esclarecedores algúns poemas da segunda parte do libro, titulada "O falante ilírico".

Entre os novos nomes que irromperon na poesía galega, cómpre salientar a poesía teimosamente construída do pintor e poeta Xurxo Alonso que este ano publicou dous libros en Espiral Maior, ambos e dous premiados. O interese da súa proposta poética, que se deu a coñecer no ano 2004, radica en

mergullar a poesía nos territorios da ficción ata o límite de cuestionar o xénero, mesmo en momentos como o actual de disolución de fronteiras. *Breviario de Aldemunde*, premio Concello de Carral, crea un espazo mítico e enrestra a biografía de personaxes de ficción, un recurso absolutamente narrativo que explora desde o territorio da poesía e que antes desenvolveu con éxito Murado. *Cidades de area*, un libro intenso, dorido e político, foi premio Fermín Bouza Brey. Relata a desolación da guerra en Iraq e alí hai, por suposto, unha alegación contra a invasión norteamericana pero, sobre todo, a constatación da nosa proximidade a un país derruído que está no celme da civilización occidental, da nosa civilización, poñendo en evidencia que se traizoan así as orixes. A guerra e outros exemplos de opresión son algúns dos temas que aparecen na colección de poemas de X. Antón L. Dobao, *Materia* (Xerais), unha reunión de textos nos que tamén trata o regreso, os desexos e o ser humano.

O mar é un dos temas cada vez máis recorrentes da poesía última, en parte pola necesidade de incorporar unha vizosa fonte de materiais literarios mais sen dúbida tamén pola conmoción do desastre do *Prestige* que deixou longo ronsel creativo. Precisamente con versos a pé de chapapote ábrese *Sete vagas* (colección 'Esquíó'), o libro co que Rafael Lema acadou o accésit do premio Esquíó. Recollendo a épica do mar escribe un poemario de aparencia épica, intención lírica e a ambición homérica de acadar o paraíso (ou Itaca) despois das sete ondas. No extenso poemario vai percorrendo a xeografía galega, entrando polo miúdo na paisaxe e nas xentes. Tamén Xosé Miranda en *Capitán dos teus ollos* (Espiral Maior) ofrece unha longa composición cun pé no chapapote e outro no seu coñecemento demostrado nas lendas e nas crenzas da tradición oral. O texto, que non é doado de ler, cae como en arroiada, abunda en longas enumeracións e parte dun verso que resume a intención, "o horizonte é unha asíndota", unha liña infinita con tendencia á curva pero que nunca se pecha. Pola súa banda, Francisco X. Fernández Naval escribe un itinerario poético persoal pola costa en *Mar de lira* (A Nosa Terra), unha paisaxe habitada na que apreixa instantes e captura emocións. Tamén completamente debruzado cara ao solpor escribe Xabier Paz o seu segundo poemario, *No canto do mar* (Espiral Maior), un libro no que o mar serve de espello para profundar na memoria, na existencia e en preocupacións colectivas.

Por outra banda, Kiko Neves en *Centoonce* (Xerais) avanza nunha poesía urbana sobre o amor e a covardía, demostrando a imposibilidade dos heroes e, na banda oposta, a dun lirismo entregado, dáse a coñecer un novo poeta, Suso Pensado, que acadou o premio Uxío Novoneyra co' *A tarde* (Espiral Maior). Cun ton máis intimista, Emilio Xosé Insua acadou o premio Antonio Prados Ledesma con *Acontece ás veces con ternura* (Espiral Maior), unha colección de poemas nos que se combina a reflexión sobre o paso do tempo, os textos de compromiso e o amor nun sentido amplo (que lle dá título á colección). Finalmente cómpre citar a Ramón Blanco, que abunda na poesía como artificio e hipertexto en *Orfeu de soños* (Toxosoutos), a Baldo Ramos, poeta en español e en galego, que reflexiona sobre a materia poética e o tempo en *Escura e transparente* (nunha edición coidada de tresCtres) e a Xosé M. López Ardeiro, que opta por un libro de soidades e memorias, *Versos de ausencia e desagravio* (Espiral Maior).

A falta xeral de novidades, con poucas excepcións —habelas hainas, pero non tantas—, fai máis visibles algunhas singularidades deste ano, como a sorprendente publicación de dous libros de poesía relixiosa: o de Antonio Domínguez Rey, *O segredo do monte* (Espiral Maior), e mais *Confiteor* (colección 'Hipocampo Amigo') de X. C. Gómez Alfaro, que inclúe un poema en memoria polas vítimas do franquismo (Casal, Bóveda e Blanco Torres). Finalmente resultou ben sorprendente, e indicativo do que se defendeu ao comezo desta panorámica, o cóngo da catedral de Ourense, Serafín Marqués Gil, que acadou o Cidade de Ourense cun libro de sonetos para a exaltación da paisaxe, *Ribeiras do Miño* (Espiral Maior). Enténdase ben, o rechamante do asunto non é tanto o perfil autorial senón o feito de que os textos non atinxan o devandito limiar poético.

### O trinta por cento

O habitual capítulo de escolmas, reedicións e edicións críticas ten un especial relevo este ano. As cifras ofrecen motivos para a reflexión: aproximadamente o trinta por cento do total de títulos de poesía non son textos novos en sentido estrito. E aínda que este sexa un xénero literario que se presta á recuperación en diversas modalidades, a razón desta abundancia en proporción ao publicado no ano

2005 debeuse a unha iniciativa singular, máis virada cara á procura de lectores ca ao canon: a colección ‘Poeta en Compostela’, do Concello de Santiago de Compostela, cuxas primeiras entregas xa comentamos na panorámica anterior. O seu acerto está en recuperar textos non necesariamente canónicos e, sobre todo, en non sucumbir á tentación da antoloxía. O abuso desta modalidade nas edicións populares de poesía adoita evidenciar falta de risco, sacralización excesiva do xénero e, daquela, dificultade para elixir un único libro entre toda a obra poética dun autor —cousa que non acontece na narrativa ou no teatro— e, finalmente, implica unha concepción do libro de poesía como colección de textos, esquecendo que cada vez máis se conciben como estruturas arquitectónicas (non deixa de ser indicativo que, cando se opta pola colección, os autores case sempre se senten na necesidade de xustificalo).

Non é este un ano que abunde en escolmas pero hainas para todos os gustos. Sotelo Blanco, co gallo do vinte e cinco aniversario da editorial, publicou a *Antoloxía poética Leliadoura* (1985-1997), preparada polos dous membros máis activos daquela emblemática colección: Basilio Losada e Xesús González Gómez. O traballo de elixir poemas significativos non debeu ser doado, pero o resultado paga a pena para quen queira coñecer un dos espazos fundamentais para o diálogo creativo neses trece anos de Leliadoura. Agora ben, unha das propostas máis creativas e lúdicas é *Itinerarios* de Eduardo Estévez (‘Poeta en Compostela’), que optou por ofrecer de toda a súa obra a escolma dos amigos poetas, abrindo así unha rede de lecturas cómplices, porque non só se ofrecen varios camiños abertos para quen se interese na obra de Estévez senón que se convida a coñecer os intereses lectores dos oito poetas-lectores que construíron esta escolma.

‘Poeta en Compostela’ soubo atopar un equilibrio entre a reedición e a publicación de inéditos, entre estilos e autores de diversas idades, que estimula un público novo. Convén salientar que, cadrando coa periódica aparición de cada libro, se fixeron coidadas presentacións en Compostela que se incorporaban, case coma un rito mensual, na axenda cultural da cidade, e que todos os libros levan dous limiares inéditos. Entre os títulos recuperados acertouse ao rescatar varios importantes: o xa citado *Pornografía*, de Lupe Gómez, un libro aínda imprescindible da prolífica autora; *Se o noso*

*mar e os peixes*, de Bernardino Graña; *Areados*, de Estevo Creus; *Delicia*, de Yolanda Castaño; e *Libro dos amados*, de Antón Lopo, que podería cualificarse como reedición de inéditos. Moi poucos foron os lectores da carpeta orixinal do *Libro dos amados*, do que saíron pouquísimos exemplares. Ademais, amece poemas ciscados en publicacións diversas que abren portas ao artista poliédrico que é Lopo: o de *Dentro* (moito máis ca unha exposición), o de *Fálame* (un libro xa publicado), o de *Prestidixitador* (un espectáculo). Pola súa banda, Ramiro Fonte tamén opta pola reedición dun édito, varias veces publicado pero con partes novas. *A rocha dos proscritos*, agora en Xerais, recupera un título que xa aparecera na colección ‘Tambo’. A nova edición está formada por tres libros: *O cazador de libros* (se non me engano é a terceira vez que se reedita), *O detective histórico* e o inédito *O pasaxeiro inmóbil*, que ten moito de testemuño xeracional e de diario do poeta.

Se en anos anteriores houbera unha inflación de obras poéticas reunidas por parte de autores que andaban arredor dos cincuenta anos, este ano foi moito máis contido. Só o *Maneiras de querer. Obra poética* (1975-2005), de Vicente Araguas (Espiral Maior), abundaba nesa liña amecendo dous libros inéditos. O volume leva limiar do propio Araguas. Nel dedica boa parte do texto a axustar contas coa crítica (exercicio excesivo e prescindible tanto máis porque a fórmula “poesía reunida” implica unha importante dose de canonicidade), pero, e isto é o realmente interesante do seu texto, tamén achega claves da súa experiencia vital e da cultura popular nas que se mergulla a súa obra poética e que axudan a gozar dos poemas.

Sen ningún xénero de dúbidas, o título máis longamente agardado do apartado de edicións foi a fixación pormenorizada e feita co máximo rigor dun dos nosos monumentos literarios. Refírome a *Os Eoas* (Sotelo Blanco), de Eduardo Pondal, edición preparada por Manuel Ferreiro, o mellor coñecedor hoxe da complexa historia dos papeis deste autor. O libro concitou o interese de investigadores, institucións e mesmo público en xeral por tratarse dun texto emblemático, cheo de interrogantes e dispoñible só nunha edición previa moi cuestionada. Dado o groso do volume, os estudos sobre a obra publicáronse nun volume de seu. As coleccións con vontade máis canónica optaron por nomes consagrados. A colección do PEN Club e